

IES Auga da Laxe

Campo da Feira, s/n
36380
Gondomar
886 110 209



PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Táboa de contido

Táboa de contido	2
1. Introducción	3
2. Marco Legal.....	4
3. Análise da contorna e diagnóstico de necesidades	6
3.1. Análise da contorna.....	6
3.2. Diagnóstico de necesidades	6
4. Obxectivos.....	7
5. Actuacións para a atención da diversidade	7
5.1. Medidas ordinarias.....	8
5.2. Medidas extraordinarias	9
6. Criterios para organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas	11
7. Mecanismos de coordinación e colaboración	12
8. Canles de colaboración.....	12
8.1. Coas familias	12
8.2. Cos servizos externos ao centro	12
9. Actuacións dos distintos profesionais implicados	13
9.2. Profesorado tutor.....	13
9.2. Profesorado Especialista en Pedagogía Terapéutica.....	13
9.3. Resto do profesorado	13
9.4. Departamento de Orientación.....	14
9.5. Equipo Directivo	14
10. Proceso de seguimento, avaliación e mellora do Plan.....	14
11. ANEXOS	16
Anexo 1: Solicitud de exención da Segunda Lingua Estranxeira	17
Anexo 2: Adaptación curricular Significativa.....	20
Anexo 3: Solicitud de intervención da Profesora Especialista en Pedagogía Terapéutica.....	24
Anexo 4: Protocolo para a solicitud de incorporación ao PMAR	26
Anexo 5: Documento de tránsito de Educación Primaria a Educación Secundaria	33
Anexo 6. Diagnóstico de necesidades	34
Anexo 7. Aula de convivencia.....	35

1. Introducción

O Plan de Atención á Diversidade é o documento que recolle o conxunto de actuacións que un centro diseña e pon en práctica para proporcionar a resposta máis axeitada ás necesidades educativas de todo o alumnado:

- Adaptacións do currículo.
- Medidas organizativas.
- Apoios e reforzos.

O presente Plan vai dirixido ao conxunto da comunidade educativa e ten como referente último o alumnado na súa totalidade e, particularmente, o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Entendemos por alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao conxunto de alumnos e alumnas con: necesidades educativas especiais, alumnado con altas capacidades intelectuais, alumnado de incorporación tardía ao Sistema Educativo Español, alumnos e alumnas con trastorno por déficit de atención asociado a hiperactividade (TDAH), alumnado con dificultades de aprendizaxe específicas e todos aqueles que presenten dificultades derivadas da súa historia escolar ou de condicións persoais ou sociais desfavorecidas.

O Plan de Atención á Diversidade fundaméntase na necesidade de pór en práctica todas as medidas posibles para garantir e facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades a todos os niveis, tanto nas diferenzas existentes por distintas circunstancias ambientais, xeográficas ou sociais, como por diferenzas máis persoais, baseadas nas distintas aptitudes, intereses ou motivacións.

Por todo isto, baseándonos na análise da nosa realidade, o Plan recolle o conxunto de medidas que teñen como obxectivo a mellora da resposta ofrecida neste centro ao alumnado con necesidades educativas.

2. Marco Legal

A atención á diversidade atópase regulada polo seguinte marco legal:

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro de Calidade da Educación.
- Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.
- Decreto 133/2007, de 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG do 6 de agosto), de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Orde de 17 de marzo de 2007, pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Orde de 1 de agosto de 1997, onde se desenvolve o Decreto 324/1996.
- Orde de 21 de decembro de 2007, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Orde de 6 de outubro de 1995, que regula as Adaptacións do Currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- Orde do 30 de xullo de 2007, que regula os Programas de Diversificación Curricular.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinos Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional dos ensinos escolares de Galicia para o curso 2007-2008 e seguintes.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa.

- Lei de Convivencia e participación. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza
- Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato. (BOE 30 de xullo).

3. Análise da contorna e diagnóstico de necesidades

3.1. Análise da contorna

O Instituto de Educación Secundaria *Auga da Laxe* é un centro público no que se imparte o Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelatos das modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.

O alumnado que recibe o centro procede ou ben de familias da zona, vinculadas aínda, en moitos casos, con traballos do sector primario e con certa privación cultural ou ben de familias de nova instalación no concello que viven en zonas residenciais e cun nivel cultural máis alto. Tamén atopamos un importante número de alumnado procedente de países de fala hispana, ben integrado no centro, descendente á súa vez de galegos que emigraron no seu momento. Dende o Concello recibimos o apoio dos servizos sociais, xa que temos algunha familia usuaria destes servizos.

O Centro atópase situado no Concello de Gondomar, moi próximo a Vigo, a cidade industrial máis importante de Galicia. O Concello de Gondomar amosou nestes últimos anos un importante dinamismo económico. Neste sentido destacan as empresas de servizos, seguidas das da construción e a industria, grazas sobre todo á presenza, na parroquia de Vincios, do Polígono Industrial da Pasaxe que reúne unhas 70 firmas de diferentes sectores. Tamén quedan, sobre todo nas parroquias, actividades produtivas vinculadas ao sector primario.

Gondomar dispón dunha ampla e variada oferta de actividades culturais, deportivas e de lecer, organizadas polo propio Concello, polos distintos centros culturais e recreativos das diferentes parroquias ou por asociacións e entidades privadas como o IEM (exposicións, conferencias, xeirás, roteiros, tertulias, etc.) ou Espazo Lectura (contacontos, clubs de lectura, sesións de dinamización lectora, actividades de achegamento á lectura para bebés, etc.). Así, tanto a través das escolas deportivas municipais como da oferta directa dos diversos clubs e agrupacións que existen en Gondomar, pódense practicar actividades como tenis de mesa, atletismo, balonmán, patinaxe, fútbol, fútbol sala, judo, tenis, ximnasia, taekwondo, tiro con arco, ciclismo, etc. Tamén é posible realizar estudos de música a través do Conservatorio Municipal, da Escola de Música de Vincios ou dos diferentes cursos de música, clásica ou tradicional, que ofrecen os centros culturais dalgunhas parroquias. Por último, a esta oferta cultural e deportiva, hai que engadir a posibilidade de realizar multitude de cursos e actividades de lecer (danza, cerámica, teatro, pintura, etc.).

Próximos ao Instituto existen ademais dous centros de secundaria que imparten Bacharelato e Ciclos Formativos de Formación Profesional, ademais de varios centros de Educación Infantil e Primaria. O centro adscrito ao Departamento de Orientación do IES pola Administración Educativa é o CEIP “Chano Piñeiro” tamén de Gondomar.

3.2. Diagnóstico de necesidades

Para determinar con maior precisión as necesidades reais que se detectan no centro elaboramos unha enquisa para o profesorado co obxectivo de recoller información relativa a tres ámbitos: alumnado, familias e recursos. Tanto o modelo de enquisa como o resultado inclúense no anexo 6.

O ámbito no que o profesorado detecta máis dificultades é o dos recursos: grupos moi numerosos, profesorado insuficiente, carencias na súa formación para atender as necesidades educativas específicas e unha dotación humana insuficiente do Departamento de Orientación.

Tamén inflúen factores que afectan ao alumnado: o alumnado accede á ESO con escasos hábitos de traballo, notables diferenzas dentro dos grupos no que respecta á competencia curricular, acumulación de alumnado con dificultades de aprendizaxe, especialmente nas áreas instrumentais básicas, e aumento, nos últimos anos, de casos de alumnado diagnosticado de TDAH.

Por último, o profesorado sinala na enquisa que a transferencia de responsabilidades educativas das familias cara ao centro escolar así como as notables diferenzas dentro dos grupos no que respecta a nivel socioeconómico familiar dificultan tamén o tratamento das necesidades educativas específicas.

Por todo isto, dende o punto de vista da atención á diversidade, unha das nosas metas é ser capaces de asumir estas condicións e dar unha resposta ao alumnado, familias e profesorado o máis positiva e axeitada posible, para iso, proporemos as medidas e actuacións precisas ao longo do tempo que os alumnos e alumnas estean escolarizados no noso centro. Estas medidas e actuacións son as que se recollen no presente Plan de Atención á Diversidade.

4. Obxectivos

Partindo das directrices dadas pola Circular 10/2010 establécense os seguintes obxectivos:

1. Desenvolver ao máximo as potencialidades do alumnado mediante un apoio específico e axeitado ás necesidades concretas de cada caso. Tratar en todo momento de aumentar a confianza nas súas posibilidades e mellorar a súa autoestima.
2. Adaptar a resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas específicas matriculado no centro.
3. Detectar, reforzar e apoiar ao alumnado que presente dificultades de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo.
4. Coordinar o desenvolvemento de actividades dirixidas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
5. Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno ou alumna.
6. Regular as canles de colaboración entre os diversos profesores que interveñen co alumnado con necesidades educativas.
7. Organizar os recursos persoais e materiais do centro, facilitando unha resposta axeitada a todo o alumnado e fundamentalmente aos que presentan necesidades educativas.
8. Fomentar a participación e implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
9. Coordinarse con institucións e organismos externos ao centro.

5. Actuacións para a atención da diversidade

No marco do *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado*, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do

alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

Partimos da realidade de que o alumnado escolarizado no noso Instituto non é homoxéneo, ten intereses diversos, estilos de aprendizaxe distintos, experiencias, capacidades e niveis de coñecemento diferentes. Por estes motivos, dende o Centro e máis concretamente desde a aula debemos dar resposta a esa diversidade, optando por unha proposta metodolóxica e organizativa que poda responder a todas as necesidades educativas do alumnado dentro do marco dos obxectivos xerais e de a programación correspondente.

A orde de actuación será a que segue:

- Prevención.
- Reunións co centro adscrito para recoller información sobre o alumnado de nova incorporación con necesidades específicas.
- Detección de dificultades por parte do profesorado.
- Aplicación de medidas ordinarias para solucionar as dificultades do alumnado.
- Se tras a aplicación destas medidas, o alumno/a non avanza de forma axeitada, solicitarase a intervención do Departamento de Orientación para que realice unha avaliación psicopedagóxica, encamiñada a dar a resposta máis axustada posible ao alumno ou alumna que presente necesidades educativas específicas e que, polo tanto, necesite de medidas de apoio extraordinarias.
- En caso de que exista posibilidade de necesidade educativa moi específica, o Departamento de Orientación solicitará a intervención do Equipo de Orientación Específico ou derivará ao alumno ou alumna ao especialista médico correspondente.
- Os apoios educativos ordinarios e específicos poranse en práctica tan pronto como se detecten as necesidades.

5.1. Medidas ordinarias

Segundo o decreto citado, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

No IES Auga da Laxe entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.

Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Desdobramentos de grupos e reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. No noso caso intentarase:

- Distribuír os horarios para facilitar desdobres e grupos de reforzo, especialmente, nas áreas instrumentais de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas en 1º e 2º de ESO. No caso de alumnado de altas capacidades os programas de enriquecemento curricular realizarase, inicialmente, dentro das sesións ordinarias da materia, pero se o cadro de persoal do centro o permitise incluíranse desdobres, especialmente nas áreas de linguas e Matemáticas, co fin de favorecer o máximo rendemento deste alumnado.
- Organizar, sempre que sexa posible, os reforzos para que sexan impartidos por profesorado especialista da materia a reforzar.
- A organización do horario do profesorado para facilitar a coordinación entre os profesionais que imparten o desdobre no mesmo grupo de alumnos e/ou o reforzo.
- Organizar o horario da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica para que, una vez atendidas as necesidades educativas específicas, poida ocuparse doutras necesidades de apoio ou reforzo.

Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial que se centrará no seguimento grupal e individual do alumnado.

Coordinación no Centro de todos os programas destinados á atención á diversidade:

- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, recollido no POAP.
- Programas de recuperación, recollidos nas programacións dos distintos Departamentos Didácticos.
- Programas específicos personalizados, custodiados no Departamento de orientación.
- Programas de habilidades sociais, recollido no PAT.
- Plan de Acolida do alumnado, recollido no PE do centro.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade o *Decreto 229/2011* contempla as aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. No IES Auga da Laxe dispomos de un Plan de Convivencia aprobado no curso 2007-2008 (o plan de convivencia está sendo actualizado nestes momentos) e aula de atención educativa e convivencia dende o curso 2016-2017 (tal e como se recolle no anexo)

5.2. Medidas extraordinarias

No marco do decreto que regula a atención á diversidade do alumnado, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización das familias, da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. Nos anexos 1, 2, 3 e 4 figuran os protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

No IES Auga da Laxe entre as medidas extraordinarias de atención á diversidade inclúense:

Exencións da Segunda Lingua Estranxeira. En 1º de ESO a proposta do centro de Primaria adscrito, tras a valoración do alumnado candidato por parte do Departamento de Orientación e tendo en conta a opinión do profesorado de área, tras os resultados reflectidos pola avaliación inicial. En 2º de ESO concederáse ao alumnado xa exento en 1º de ESO.

Adaptacións curriculares. Realizaranse unha vez esgotadas outras medidas de atención a diversidade incluída a repetición de curso, agás para o alumnado procedente de Primaria que xa trae o currículo adaptado da anterior etapa, neste caso darase continuidade á medida.

Agrupamentos flexibles. Aínda que nestes momentos non dispomos de agrupamentos flexibles, estase a valorar a conveniencia de engadilos en 1º de ESO coa entrada en vigor da LOMCE.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.

Flexibilización da duración do período de escolarización, para o alumnado de incorporación tardía á etapa de Secundaria.

Plan de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento en 2º e 3º de ESO. Destinados a alumnas e alumnos con dificultades de aprendizaxe que se reflicten nos resultados académicos. Esta medida está dirixida a alumnado que se esforza e quere obter o título da ESO, a proposta do equipo de profesores e titor/a cando chegan á conclusión de que os alumnos/as poden titular seguindo este programa, pero teñen serias dúbidas de que o fagan pola vía ordinaria.

Formación Profesional Básica. Dende a entrada en vigor da LOMCE non estamos autorizados no centro a impartir esta formación, polo tanto, derivarase a Formación Profesional Básica ao alumnado de 2º e 3º de ESO non interesado en continuar os estudos de Secundaria Obrigatoria pero si interesado en adquirir unha cualificación profesional, coa posibilidade de continuar estudando Formación Profesional de Grao Medio ou incorporarse ao mundo laboral en mellores condicións.

Atención educativa (domiciliaria ou hospitalaria) ao alumnado que, por circunstancias de saúde, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Grupos de adquisición das linguas. O IES Auga da Laxe non recibe con frecuencia alumnado con descoñecemento das dúas linguas cooficiais, polo que se valorará cada caso no momento da acollida e se aplicarán as medidas de atención tanto ordinarias como extraordinarias que se estime oportuno e que nos permita facer o cadro de persoal do centro.

6. Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas

Á hora de distribuír os recursos para a aplicación das medidas propostas, ademais do xa exposto no apartado 5 do presente programa, terase en conta o número de alumnado con necesidades educativas en cada nivel. Somos un centro de liña dous e na medida das nosas posibilidades distribuirase ao alumnado con necesidades nos dous grupos. Terase en conta, ademais, o número xeral de alumnos e alumnas por nivel, as posibles dificultades para o desenvolvemento do curso (materias pendentes, reforzos, repetidores, alumnado diagnosticado de TDAH, etc.) e a dispoñibilidade de profesorado para favorecer os desdobres, especialmente nas áreas instrumentais básicas e para atender os ámbitos nos PDC.

Para optimizar os recursos de persoal existentes, no caso dos reforzos por exención da Segunda Lingua Estranxeira establécese que no grupo A en 1º de ESO se refórce Lingua Castelá e en 2º de ESO Lingua Galega, mentres que no grupo B, tanto en 1º como en 2º de ESO, se refórce Matemáticas, de xeito que o alumnado con necesidade de reforzo educativo se incluíra nun ou noutro grupo en función da área na que presente maiores dificultades.

O apoio por parte do profesor ou profesora especialista en Pedagogía Terapéutica será prioritario para o alumnado con ACS. Este apoio desenvolverase tanto dentro como fóra da aula. Como xa indicabamos organizárase o horario do especialista en Pedagogía Terapéutica para que, unha vez atendidas as necesidades educativas específicas, poida ocuparse doutras necesidades de apoio ou reforzo.

Co alumnado diagnosticado de TDAH desenvolveranse as medidas de atención á diversidade, ordinarias ou extraordinarias, adaptadas ás características individuais de cada alumno ou alumna.

O alumnado que se incorpore tardiamente ao sistema educativo por proceder doutros países o por calquera outro motivo e que precise unha atención diferente á ordinaria, recibirá atención educativa de acordo ao establecido na **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa**.

Tal como establece a normativa vixente, o centro garantirá que a escolarización do alumnado que acceda de forma tardía ao sistema educativo español realízase atendendo as súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico, de xeito que se poda incorporar ao curso máis axeitado as súas características e coñecementos previos, cos apoios e/ou adaptacións oportunas, para que poda aproveitar ao máximo a súa educación.

Tanto a Dirección do centro como o Departamento de orientación adoptarán as medidas necesarias para que as familias ou tutores deste alumnado reciban o asesoramento necesario sobre os dereitos, deberes e oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo español, así como calquera outra información que lles axude á educación dos seus fillos e fillas.

7. Mecanismos de coordinación e colaboración

A coordinación das medidas de atención á diversidade realizarase a través de xefatura de estudos, orientación e tutoría.

Existe unha hora de coordinación semanal entre as titoras e titores dos distintos grupos e a xefa do departamento de orientación, na que se tomarán decisións, se organizarán as medidas de atención necesarias e se fará o seguimento do alumnado receptor destas medidas.

Para atender ao alumnado que cada ano se incorpore a 1º de ESO a coordinación cos centros de procedencia do alumnado será constante. Ademais das reunións mantidas ao longo do último curso de Primaria coa xefa do departamento de orientación do centro adscrito, ao remate de cada curso escolar levarase a cabo unha xuntanza na que participarán, por parte do centro de Primaria: os titores ou titoras de 6º, a profesora especialista en Pedagogía Terapéutica e a xefa do departamento de orientación; por parte do noso centro: a xefa de estudos, a profesora especialista en Pedagogía Terapéutica e a orientadora. Nesta reunión recollerase información do alumnado de nova incorporación ao centro, especialmente do alumnado que recibe medidas de atención, co fin de dar continuidade a estas medidas.

No anexo 5 figura o documento informativo de tránsito da Educación Primaria á Educación Secundaria, no que se recollen as medidas adoptadas con cada alumno en Primaria e as recomendacións que os titores e titoras de 6º fan para a súa incorporación en Secundaria en canto ás medidas de atención necesarias.

No caso dos centros non adscritos, solicitarase a principio de curso a información pertinente sobre o alumnado que recibimos.

8. Canles de colaboración

8.1. Coas familias

A persoa titora e/ou a Xefa do Departamento de Orientación comunicará ás familias a medida que se vai a adoptar cos alumnos/as e solicitarase a súa autorización por escrito para aquelas medidas que así o requiran. Así mesmo, pediráselles a súa colaboración e se lles informará regularmente sobre a evolución e sobre as posteriores decisións que se tomen.

Nas reunións xerais coas familias informarase sobre estas medidas e nas entrevistas individuais coas familias do alumnado afectado se lles explicarán polo miúdo os obxectivos así como o plan de traballo que se estea a realizar.

8.2. Cos servizos externos ao centro

Colaborarase cos servizos sociais da zona en tarefas relacionadas coa prevención e o desenvolvemento psicosocial dos nosos alumnos e alumnas. Así mesmo colaborarase co Equipo de Orientación Específico e con outros Departamentos de Orientación da zona, así como cos centros de formación e recursos, incluíndo aquí os centros de educación especial.

Manterase o contacto con diferentes organismos: de emprego, servizos de información á mocidade, centros de ensino secundario, servizos médicos e outros posibles servizos da contorna.

9. Actuacións dos distintos profesionais implicados

9.2. Profesorado titor/a

O profesorado titor/a será o encargado, en colaboración coa orientadora e a profesora especialista en Pedagogía Terapéutica, de coordinar todas as medidas de atención á diversidade do alumnado do seu grupo-clase. Serán actuacións do profesorado titor:

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e a colaboración da orientadora.
- Realizar a avaliación inicial do nivel de competencia curricular dos alumnos en colaboración co resto de profesores implicados no grupo.
- Comunicar ao Departamento de Orientación os casos detectados de necesidades para informar as familias co fin de articular as medidas pedagóxicas necesarias.
- Colaborar na avaliación psicopedagóxica dos alumnos con necesidades educativas, en particular na determinación da competencia curricular e sobre as características do contexto familiar e escolar.
- Asegurar a coordinación entre os distintos profesionais que inciden no grupo.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo coa profesora especialista en Pedagogía Terapéutica, de ser o caso, a orientadora e o resto de profesores que interveñen directamente e adoptar a decisión que proceda acerca da súa promoción e titulación.
- Coordinar o reforzo educativo aos alumnos que presentan dificultades de aprendizaxe.
- Informar ás familias dos alumnos con necesidades educativas ou dificultades de aprendizaxe sobre todo aquilo que lles afecta en relación coas actividades docentes e rendemento académico.

9.2. Profesorado Especialista en Pedagogía Terapéutica

Ademais das funcións recollidas na normativa os especialistas de apoio responsabilizaranse de:

- Colaborar na elaboración e implantación das ACS correspondentes.
- Apoiar ao alumnado con necesidades educativas dentro e/ou fóra da aula.
- Emprender actuacións xerais para previr a aparición de dificultades de aprendizaxe e para detectalas canto antes.
- Realizar a avaliación e seguimento con todos os profesores implicados.
- Manter reunións coa orientadora e o profesorado de referencia para intercambiar opinións sobre os alumnos e planificar a intervención con eles.
- Realizar entrevistas coas familias para informarlles sobre o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. A PT elaborará, coa colaboración do profesorado das distintas materias, unha información cualitativa que se lles transmitirá ás familias.

9.3. Resto do profesorado

- Pór en práctica as medidas de apoio ordinario ao alumnado que presenten dificultades de aprendizaxe e non desenvolva convenientemente os hábitos de traballo e estudo. A atención

organizarase cos mesmos materiais utilizados na aula, ou con materiais de apoio, complementarios aos utilizados na mesma.

- Coordinación para a avaliación e o seguimento con todos os profesores implicados.

9.4. Departamento de Orientación

- Definición de criterios e procedementos para a adopción de medidas de atención á diversidade, en colaboración coa Xefatura de Estudos, profesorado especialista en PT e profesorado tutor.
- Colaboración co profesorado para a detección de alumnos e alumnas con necesidades educativas.
- Avaliación psicopedagóxica a solicitude do titor ou titora e mediante consenso coa Xefatura de Estudos previa información á familia.
- Determinación das necesidades educativas do alumnado avaliado.
- Orientación sobre a proposta curricular. (Elaboración de Adaptacións Curriculares, seguimento, avaliación e revisión).
- Asesoramento sobre as modalidades de apoio e a temporalización do mesmo.
- Información aos pais sobre os resultados da avaliación psicopedagóxica e sobre a adopción de medidas educativas que se deriven da mesma.
- Colaboración coa PT para o seguimento dos alumnos e alumnas con necesidades educativas.
- Colaboración co profesorado e coa especialista en PT no deseño de medidas que faciliten unha resposta diversificada na aula (contidos, materiais e actividades).
- Colaborar cos titores e titoras no establecemento do plan de acción tutorial.
- Asesorar ao profesorado no tratamento flexible e diferenciado da diversidade de aptitudes, intereses e motivacións dos alumnos, colaborando na adopción de medidas educativas oportunas.
- Establecer relacións con outras Institucións que poidan prestar axuda ou asesoramento, en casos concretos.

9.5. Equipo Directivo

- Recoller e canalizar as propostas do Departamento de Orientación sobre a detección de alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Coordinar as áreas de intervención e os profesores implicados.
- Supervisar e garantir a adecuada atención individualizada de alumnos e alumnas de apoio, reforzo, TDAH, alumnado de altas capacidades, así como alumnado de incorporación tardía.
- Coordinación con todos os profesionais que participan na aplicación do plan.

A Xefatura de Estudos establecerá as horas que cada profesor dedicará ao apoio educativo, tanto ordinario como específico e realizará o horario de atención ao alumnado, sempre supeditado ao horario xeral do Centro e tendo en conta as horas dispoñibles do profesorado.

10. Proceso de seguimento, avaliación e mellora do Plan

En función das actuacións e medidas establecidas, valoraremos o grao de cumprimento e as dificultades atopadas, coa finalidade de realizar as propostas de mellora máis axeitadas. Isto implica valorar recursos (necesidades, aproveitamento dos mesmos, etc.), obxectivos, actividades ou

medidas empregadas, plans desenvolvidos, implicación dos axentes involucrados, entre outras posibles variables.

A valoración do Plan levarase a cabo en reunións no Departamento de Orientación cos axentes implicados e na CCP.

